



# falaRedes

programa de dinamización lingüística

## TOC TOC

Volve o programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración cos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

O programa de fomento do galego inclúe este ano 150 propostas lúdicas a través dun total de cinco actividades que buscan promover o uso e valoración positiva da lingua de Galicia, especialmente entre a infancia e a mocidade, enchendo o seu tempo de lecer con actividades de calidade no noso idioma.

A terceira edición de FalaRedes bota a andar con TOC TOC, un espectáculo para nenos de 3 a 10 anos. Tras revolucionar o público infantil coa xira de TIC TAC, Pablo Díaz volve cun musical baseado no libro-disco homónimo e no que invita a cantarlle á alegría e á amizade, á vez que inculca nos cativos valores como o ecoloxismo ou a paz, dun xeito lúdico e co galego como lingua.


TOC TOC rima con rock, pop, folk e tamén co soul, que aquí se mesturan coa tradición galega ao cobrar protagonismo sobre o escenario os romances infantís *O piollo* e *a pulga* e *Mazarico*, que converten o concerto nunha festa na que os nenos e nenas bailan e cantan na nosa lingua. A música actúa así como fonte de transmisión do galego ao promover que a xente miúda siga cantando as cancións tras finalizar a actividade.

Da man de FalaRedes 2014, TOC TOC chegará entre marzo e abril a 20 localidades galegas pertencentes á RDL. A entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas.

Toda a información sobre FalaRedes 2014 estará dispoñible no web institucional da Secretaría Xeral de Política Lingüística [www.xunta.es/linguagalega/falaredes\\_2014](http://www.xunta.es/linguagalega/falaredes_2014) e tamén nas redes sociais.



 @Falaredes

 Programa Falaredes

# TOCTOC



## MARZO

- Sábado 1: **Ourense**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Sábado 8: **Marín**, na Biblioteca Pública Municipal Vidal Pazos, ás 12:00 h  
**Silleda**, no Auditorio Manuel Dopazo da Bandeira, ás 19:30 h
- Domingo 9: **Ribadavia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 19:30 h
- Sábado 22: **Arteixo**, no Centro Cívico Sociocultural, ás 12:00 h  
**Carral**, na Sala Toñito Espiñeira, ás 18:00 h
- Domingo 23: **Ferrol**, no Teatro Jofre, ás 18:00 h
- Sábado 29: **Cuntis**, no Centro Social e Xuvenil José Raído "Patelas", ás 12:30 h  
**Baiona**, no Auditorio V Centenario de Baiona, ás 18:00 h
- Domingo 30: **Santiago de Compostela**, no Auditorio de Galicia (Sala Ángel Brage), ás 12:30 h  
**O Porriño**, no Círculo Recreativo e Cultural, ás 18:00 h

## ABRIL

- Sábado 5: **Burela**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 17:30 h
- Domingo 6: **Oleiros**, no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera, ás 18:00 h
- Sábado 12: **O Barco de Valdeorras**, no Teatro Municipal Lauro Olmo, ás 19:00 h
- Domingo 13: **Bueu**, no Centro Social do Mar, ás 19:00 h
- Xoves 17: **Xinzo de Limia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 12:30 h
- Sábado 19: **Vedra**, na Casa da Cultura de San Xián de Sales, ás 18:00 h
- Sábado 26: **Ponteareas**, no Auditorio Reveriano Soutullo, ás 12:00 h  
**Vilagarcía de Arousa**, na Casa da Cultura (Salón García), ás 18:00 h
- Domingo 27: **Mos**, no Pazo de Mos, ás 18:00 h